


San Martiño de Cumbraos



A igrexa de San Martiño forma un conxunto arquitectónico coa Casa Torre de Cumbraos, edificio construído a finais do século XV e principios do XVI por orde de Álvaro Gaioso y Osorio. Trátase dunha torre rectangular de dous corpos e soto, con cuberta a catro augas.



A igrexa de Cumbraos pertence ao románico tardío, data do último cuarto do S.XII e conserva a totalidade da estrutura orixinal. E manifesta a súa beleza e simplicidade nun formato arquitectónico e iconográfico que perfilan a maioría de igrexas de Monterroso.



Concello de Monterroso
Praza de Galicia, S/N, 27560
Monterroso, Lugo
(+34) 982 377 001
www.monterroso.es



Conserva a súa traza románica con nave máis alta e a ábsida a menor altura, de planta rectangular con muros de cachotería de granito e cuberta a dúas augas. A portada con arco de medio punto con arquivolta con decoración con bolas, fuste liso e capitel con ornamentación vexetal. A igrexa, dun románico tardío, data do último cuarto do século XII. Dentro da súa sinxeleza, destaca a cantidade e variedade de canzos, que asoman baixo a cuberta, neles despréganse todo un repertorio con decoracións variadas, vexetais, xeométricas, antropomorfas e zoomorfas, que suman un total de 24 elementos, nos que podemos ver todo tipo de cuadrúpedos, unha figura humana, unha pomba, entre outras.

Atopamos dúas pías bautismais moi peculiares, chaman a atención pola súa decoración singular. As fiestras da ábsida lembran as da Igrexa de Novelúa, do Mestre Martín.

